


TEMA 2.- ARTE ROMANA: COMENTARIO DO PANTEÓN DE AGRIPA

a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: Panteón de Agripa. Edificio público relixioso da arte romana: trátase dun templo. Época Imperial: Alto Imperio. Reinado do emperador Adriano. Construído a comezos do século II, cara os anos 118-125 d.C. Autor: probablemente Apolodoro de Damasco. Localízase no Campo de Marte en Roma; orixinalmente situábase ao fondo dunha praza porticada. Materiais: ladrillo, formigón, pedra pómez, vasillas de cerámica, mármore, granito, bronce dourado.

c.- Analiza e comenta a obra: os romanos destacaron polas construcións de carácter utilitario pero tamén acadaron grande importancia os templos (non utilitarios). O Panteón é o templo máis grande construído polos romanos cun carácter claramente propagandístico.

Déuselle o nome de Panteón a un templo dedicado a todas as divindades romanas. Era un templo rectangular que mandou construír a finais do século I a.C. Agripa, cónsul e xenro de Octavio Augusto. No ano 80 incendiouse e foi reconstruído totalmente por Adriano a comezos do século II.

É un templo ecléctico que ten influxos dos templos etruscos e gregos, pero sobre todo profundamente orixinal.



- A **planta** é totalmente orixinal: é mixta, rectangular e circular. O rectángulo correspóndese co pórtico de entrada (influxo dos templos etruscos) e o círculo coa naos (influxo dos tholos gregos), pero aquí o decisivo é a transformación do pequeno tholos grego nun grande espazo interior.

- No **exterior** ten un pórtico de entrada moi profundo con escaleiras (da época de Octavio Augusto). É un templo octástilo, con columnas de orde corintia, co arquitrabe dividido en tres bandas horizontais e no friso a inscrición que o atribúe a Agripa; o frontón carece de decoración escultórica. É próstilo xa que só ten columnas exentas no pórtico, o templo en si está rodeado de muro polo que invita ao es-



pectador a miralo frontalmente e a entrar nel. Detrás das oito columnas colocadas en fila hai outras oito distribuídas en dous grupos de catro polo que dan orixe a tres naos: a central, cuberta con bóveda de canón, máis ancha que as laterais, que teñen cubertas alinteladas de madeira.

Exteriormente o pórtico é bastante decorativo pero os muros da naos teñen un aspecto moi pobre ao deixar o formigón e o ladrillo á vista. A cúpula no exterior apenas destaca.

- **Interior:** xa que o Panteón é un templo dedicado a todas as divindades, optouse por construír unha naos circular que permitía acoller a todas as divindades por igual e que estiveran equidistantes entre si, sen ter ningunha un lugar preferente. Esta idea obrigará a cubrir o templo cunha inmensa cúpula semiesférica que centraliza todo o espazo: a primeira de tan enormes dimensións que se fixera ata eses momentos.

Buscando a proporción e a harmonía, a naos ten a mesma altura e o mesmo diámetro: 43,50 metros. O muro



está alixeirado ao abrirse nel sete espazos separados por grosos piares (que sosteñen o peso da cúpula): o central é a ábsida que ten planta se-

micircular; a cada lado dela aparecen tres espazos (seis en total), son as exedras (capelas): as dúas centrais teñen planta semicircular e as laterais rectangular. Na ábsida e nas exedras estaban colocadas estatuas das divindades.

A cúpula do Panteón denota un dominio absoluto das técnicas construtivas (mat e-
riais, sistema de contrarresto dos pesos...). Cun evidente espírito práctico utilizaron materiais lixeiros e baratos: ladrillo, formigón, pedra pómez, vasillas de cerámica... O seu grande tamaño levou a que tiveran que alixeirala aínda máis e contrarrestar o seu peso de maneira eficaz: levántase sobre un tambor no que aparecen nichos que alixeiran o peso; a medida que se ascende a cúpula vaise facendo máis estreita, ten arcos de descarga en ladrillo que van le-



vando gradualmente o peso cara aos oito piares da naos, os casetóns (cadrados concéntricos) fanse máis pequenos cara a arriba, o óculo da parte superior (de 9 m. de diámetro) non só iluminaba o templo senón que alixeiraba a cúpula.

Esta cúpula serviu de inspiración a arquitectos de épocas posteriores: así, no Renacemento o arquitecto Brunelleschi inspirouse nela para construír a Cúpula da Catedral de Florencia.

O espazo interior deste templo adquire un sentido simbólico: a cúpula é a bóveda celeste e o óculo é o sol.

Os **materiais** empregados son moi variados: lixeiros e baratos (ladrillo, formigón, pedra pómez), ricos e custosos (placas de mármore cubrindo o chan e os muros, mármore nas bases e capiteis das columnas, granito nos fustes das columnas, bronce dourado nas portas, no interior da cúpula e nas súas tellas exteriores e estrelas de bronce dourado cubrindo os casetóns).

O Panteón mostra o concepto moderno da arquitectura como *“a arte creadora de espazos internos”*.